

Código do elemento: GA15075007

Nº de ficha: 1 /2

Denominación: **O Castelo / Punta do Castelo / Cirro**
 Localización: **Punta do Castelo / San Pedro**
 Parroquia: **Veigue (Santa Comba)**

Coordenadas UTM:
557258,241155 /4803685,83052

Sistema de coordenadas:
 Proxección: UTM ETRS89 Zona 29N
 Unidades: metros

Ordenanza ou norma de aplicación:
Art. 5 das normas de protección do patrimonio cultural

Tipoloxía: Adscrición cultural: **Idade do Ferro / época Romana**

Nivel de protección:

Delimitanse as 2 áreas de protección: Área de Protección Integral (API) e Contorno de Protección de Xacementos (CPX)

API: en atención ás especiais características do contorno deste ben, o ámbito de protección integral non só recolle as estruturas visibles do xacemento (punta costeira máis istmo que a une á terra) senón tamén o espazo anexo a estas polo Sur (por existir referencias á aparición de restos en superficie e de cara a preservar a parcela incluída na delimitación como zona verde de cara ao futuro). G.II-1
 CPX: recolle os terreos inmediatos ós límites definidos para o xacemento, que nesta ocasión se concentran nos contornos O e L. G.II-2

Actuacións autorizables
As reguladas na normativa segundo o nivel de protección do elemento

Clasificación do solo:
SRPP/SRPN

Estado de conservación: **Regular/Bo**
 Uso actual: **Vexet. arbustiva, monte baixo e arborado autóctono**


Titularidade:
Privada

Estado actual:

Non é posible defini-lo de forma fiable, debido a que a inspección só se fixo de maneira parcial (dificultades de acceso e visibilidade por mor da vexetación). De maneira xeral, semella que presenta unhas aceptables condicións de conservación (estruturas defensivas visibles e configuración morfolóxica máis ou menos perceptible). As principais alteracións detectadas refírense ás modificacións nos elementos defensivos: camiño sobre o terraplén para acceder ó interior do recinto (aberto sobre o parapeto, con rebaxa da estrutura no cuadrante SO) ou foxo colmado en boa parte do seu percorrido (reenchido en parte cos propios derrubes do xacemento). No interior do xacemento víronse restos dun pequeno campamento con partes toldadas e restos de mobiliario.

Descrición do ben:

O xacemento ocupa cando menos toda a punta costeira máis o istmo que a une a terra, acadando así unha extensión duns 100 m (N-S) por 85 m (E-O). Toda a superficie desa punta constituiría o recinto do asentamento, delimitado no seu borde por un parapeto, hoxe verificable ao menos en todo o arco O, onde chega a acadar unha altura de 2 m na cara interna (na cara exterior, os propios acantilados que caen cara o mar veñen completar esta defensa). A zona do istmo acolle as estruturas defensivas máis destacadas, formadas por un profundo foxo e senllos parapetos delimitadores (situándose un a cada banda do foxo). O foxo percorre todo o istmo, abríndose cara as dúas praias situadas ó L e O da punta costeira e estando escavado sobre a rocha. Dende a praia de Cirro (ó Oeste) pode observarse que a súa profundidade acadada ao menos 4 metros, aínda que parte desa fondura está hoxe colmada con derrubes (1,7 m de recheos, entre os que se ven restos móbiles pertencentes ó xacemento). Toda a marxe N do foxo coincide co terraplén que cae dende o parapeto que bordea o arco meridional do recinto castrexo. A marxe Sur (xa en terra firme) contaría cunha segunda liña de parapeto-terraplén, da que non poden concretarse dimensións (o estado actual da vexetación nesta zona chegou a impedir o acceso). No interior do recinto consérvase unha estrutura singular, xa que amosa trazos defensivos propios. Sitúase cara a beira SE do recinto e presenta unha planta de tendencia triangular (duns 40x50 m), situada a maior cota e delimitada por combinación de terraplén-parapeto (comprobada nos laterais S e O) e onde a cara interna do parapeto chega a acadar entre 1,4 e 2 m de altura. Aínda que se descoñece a súa orixe e funcionalidade, podería tratarse dunha reutilización serodia do recinto castrexo, a modo de estrutura defensiva (tipo torre ou similar) en época medieval. Dentro deste espazo triangular e cara o seu extremo E, intúese unha liña de muro (apenas acadada os 40 cm de alto) que parece ter planta ovalada. Descoñécese a adscrición cultural destes vestixios. É tamén salientable a partición que hoxe presenta o recinto interior do castro: situada no terzo occidental da punta, unha fonda congostra atravesa toda a punta costeira de Sur a Norte. Descoñécese igualmente a orixe ou sentido desta profunda depresión. Este elemento atópase na servidume de protección de costas e no Dominio Público Marítimo-Terrestre. Estará ó disposto na Disposto transitoria cuarta da Ley de Costas con independencia do réxime de protección que se estableza na correspondente ficha de catálogo.



Delimitación do PEPOID / Delimitación del PEPOID



- Delimitación do termo municipal / Delimitación del término municipal
- Patrimonio Cultural / Patrimonio Cultural**
- PC Arquitectónico - Etnolóxico / PC Arquitectónico - Etnolóxico
- Contorno de protección Arqt-Etno / Contorno de protección Arqt-Etno
- Bens arqueolóxicos / Bienes arqueológicos**
- API - Área de Protección Integral / API - Área de Protección Integral
- CPX - Contorno de Protección de Xacemento / CPX - Contorno de Protección del Yacimiento
- Cualificación (2CUAL) / Cualificación (2CUAL)**
- SUCA
- SUCVU
- SNRT
- SNRC
- DPv, EQ
- DPv, IS
- SL, EL, Ex
- SL, EL, Ob
- SL, EQ, Ex
- SL, EQ, Ob
- SL, IC, Ex
- SL, IC, Ob
- SL, IS, Ex
- SX, EL, Ex
- SX, EL, Ob
- SX, IC, Ex
- SX, IC, Ob


- Clasificación do solo / Clasificación del suelo**
- SNR
- SU
- SX: Sistema xeral / SG: Sistema general
 SL: Sistema local / SL: Sistema local
 DPv: dotación privada / DPv: dotación privada
- EL: espazo libre e zonas verdes / EL: espacio libre y zonas verdes
 EQ: equipamentos / EQ: equipamientos
 IC: infraestruturas de comunicación / IC: infraestructura de comunicaciones
 IS: infraestruturas de servizos / IS: infraestructuras de servicios
- Ob: Obter / Ob: Obtener
 Ex: existente / Ex: existente



Vista xeral do xacemento dende Oeste.



Extremo O do foxo, cortado na rocha e recheo en parte.



Interior actual do foxo, co xacemento á dereita. Vista dende Este.

Código do elemento: **GA15075008**

Nº de ficha: 2 / 2

Denominación: **O Castro / Castro de Veigue**
 Localización: **A Fraga / San Pedro**
 Parroquia: **Veigue (Santa Comba)**

Coordenadas UTM:
557068,677625 / 4803104,58819

Sistema de coordenadas:
 Proxección: UTM ETRS89 Zona 29N
 Unidades: metros

Ordenanza ou norma de aplicación:
Art. 5 das normas de protección do patrimonio cultural

Tipoloxía: Adscrición cultural: **Idade do Ferro / época Romana**

Nivel de protección:

Delimitanse as 2 áreas de protección: Área de Protección Integral (API) e Contorno de Protección de Xacementos (CPX)

API: recolle todas as estruturas visibles do xacemento máis un perímetro adicional de entre 5 e 20 m, no que se abranguen os posibles espazos de expansión ao exterior do asentamento. G.II-1

CPX: espazo perimetral ós límites do xacemento, definido en base ás características topográficas do terreo e segundo límites de parcelas. G.II-2

Actuacións autorizables
As reguladas na normativa segundo o nivel de protección do elemento

Clasificación do solo:
SRPP/SRPN

Estado de conservación: **Regular**
 Uso actual: **Vexet. arbustiva, monte baixo e arborado autóctono. Residencial ao SL**


Titularidade:
Privada

Estado actual:

Todo o xacemento atópase gravemente afectado polos reiterados labores forestais realizados sobre a súa superficie, chegando a modificar substancialmente o arco oriental (o sistema defensivo nesta banda aparece rebaixado e esmorecido). Ademais, o actual estado da vexetación (arborado de repoboación e abundante maleza) impiden unha revisión axeitada do asentamento, sobre todo no seu terzo norte, o cal é inaccesible hoxe en día. No cuadrante SL o espazo inmediato ó terraplén delimitador vese cortado pola construción dunha vivenda unifamiliar. O uso agrícola das parcelas na banda Sur chega ata os pés da muralla delimitadora

Descrición do ben:

Asentamento defensivo que ocupa toda a superficie dunha pequena elevación, con evidente inclinación cara o N, e que se levanta na beira Leste da cabeceira do pequeno regato que vai desembocar na praia de Cirro. Presenta o conxunto do xacemento unha planta con forma ovalada, con eixo maior en sentido NNL-SSO e dimensións máximas de 90/100 m (eixo NNL-SSO) por 70 m (LNL-OSO). Está formado por un recinto central (semella que único), tamén en forma ovalada e delimitado en todo o seu perímetro por muralla/terraplén. Conserva a muralla as súas maiores proporcións no sector Oeste, onde chega a conservar ata 1,6 m de altura na cara interna. Polo exterior, a altura da muralla vai aumentando dende Sur (uns 2 m) cara Oeste, véndose nesta banda reforzada pola caída da pendente no arco NO (en todo este sector NO o terraplén aproveita a caída pronunciada do terreo cara o regato que vai bordeando os límites do xacemento por esa banda). Complétase o sistema defensivo con unha liña de foxo, que posiblemente fose tamén contorneando todo o perímetro da muralla, aínda que na actualidade só pode apreciarse con claridade na banda NNO, quedando cegado e ata diluído na maior parte dos sectores restantes, a causa das sucesivas transformacións dos terreos. A teor do observado sobre a cartografía, a cara externa deste foxo víase fortalecida cun terraplén, cando menos no arco NO e formado polo descenso da pendente que chega ata o regato. No sector Sur do xacemento, todos os terreos limdeiros forman un espazo aplanado, moi propicio para ser usado como zona de expansión ou uso por parte dos habitantes do asentamento.



Delimitación do PEPOID / Delimitación del PEPOID



- Delimitación do termo municipal / Delimitación del término municipal
- Patrimonio Cultural / Patrimonio Cultural**
- PC Arquitectónico - Etnolóxico / PC Arquitectónico - Etnolóxico
- Contorno de protección Arqt-Etno / Contorno de protección Arqt-Etno
- Bens arqueolóxicos / Bienes arqueológicos**
- API - Área de Protección Integral / API - Área de Protección Integral
- CPX - Contorno de Protección de Xacemento / CPX - Contorno de Protección del Yacimiento

- Cualificación (2CUAL) / Cualificación (2CUAL)**
- SUCA
 - SUCVU
 - SNRT
 - SNRC
 - DPV, EQ
 - DPV, IS
 - SL, EL, Ex
 - SL, EL, Ob

- SL, EQ, Ex
- SL, EQ, Ob
- SL, IC, Ex
- SL, IC, Ob
- SL, IS, Ex
- SX, EL, Ex
- SX, EL, Ob
- SX, IC, Ex
- SX, IC, Ob

- Clasificación do solo / Clasificación del suelo**
- SNR
 - SU

- SX: Sistema xeral / SG: Sistema general
 SL: Sistema local / SL: Sistema local
 DPV: dotación privada / DPV: dotación privada
- EL: espazo libre e zonas verdes / EL: espacio libre y zonas verdes
 EQ: equipamentos / EQ: equipamientos
 IC: infraestruturas de comunicación / IC: infraestructura de comunicaciones
 IS: infraestruturas de servizos / IS: infraestructuras de servicios
- Ob: Obter / Ob: Obtener
 Ex: existente / Ex: existente



Vista do exterior na banda LSL, coa caída do terraplén cara a liña de foxo.



Exterior do xacemento na banda S, coa cara externa da muralla e fincas de labor que tapan o foxo.



Interior do xacemento e cara interna da muralla no sector S.